



Calendario mes de xuño

- Do 10 ó 14 de xuño: **semana de avaliación E.P.**
- Martes 11 de xuño: **sesión de avaliación E.I.**
- Martes 18 de xuño: **sesión de avaliación E.P.**
- Venres 28 de xuño: **Claustro (11:00 h) e Consello Escolar (13:00 horas)**
- Do 18 ó 21 de xuño: **Meter cualificacións no XADE** e imprimir os correspondentes **boletíns** para a súa entrega ós alumnos/as.
Está dispoñible na web do centro (na aula virtual), un manual sobre o uso do XADE nestes aspectos.
Lembrete que nesta terceira avaliación, ademáis das cualificacións correspondentes á mesma, naqueles cursos que rematan ciclo, **hai que introducir tamén as cualificacións finais (ORD), así como indicar se o alumno promociona ou non** e a data de superación dos obxectivos.
A data de superación dos obxectivos (18 de xuño) soe coincidir coa data de promoción, pero pode darse o caso que un alumno/a supere os obxectivos de primeiro en segundo, polo que habería que incluír nas cualificacións do curso anterior dita data. De darse ese caso consulte coa secretaría para introducir este dato no histórico do alumnado.
- 18 de xuño (16:00 a 18:00): **entrega individualizada dos boletíns** ás familias do **alumnado de E.I.**
- 21 de xuño: **entrega de boletíns** (xerados polo XADE) **ós alumnos de E.P.**
- Do 19 ó 28 de xuño: **Informes de avaliación final:**
 - Os/as **titores/as de 2º, 4º e 6º**, deberán incluír tamén no XADE os informes de avaliación final, este informe será posteriormente imprimido, asinado polo titor e entregado na Secretaría para ser arquivado na carpeta de cada alumno.
 - Os/as **titores/as de Educación infantil** elaborarán os boletíns, informes de avaliación final e folla de escolaridade, empregando os modelos XADE, serán asinados e entregados na secretaría.
- A partir do 19 de xuño: **Actas de avaliación finais e trimestrais:**
 - As **actas de cualificacións** do terceiro trimestre así como as finais de nivel/etapa, confeccionaranse automaticamente coas cualificacións introducidas polos mestres/titores, e serán entregadas xa impresas ós mesmos para que sexan asinadas. Todas estas actas, **serán asinadas e entregadas á Xefatura de Estudos** para seren arquivadas.
- Día 25 de xuño: Última sesión de traballo de COMBAS
- Elaboración dos **expedientes académicos e historiais académicos dos alumnos de 6º** que correrán a cargo do **Equipo Directivo**. Tamén se elaborarán las respectivas follas do historial do alumnado que remate ciclo, para seren **asinadas polos titores implicados** e arquivadas.



Outros documentos a elaborar polo profesorado:

- Etregar ata o 25 de xuño: **Memorias finais** elaboradas por:
 - Coordinadores/as de ciclo: Infantil, 1º ciclo, 2º ciclo e 3º ciclo
 - Especialistas (Memorias de L. Inglesa, Música, Relixión, Pedagogía Terapéutica, Educación Física, Orientación...
 - Coordinador do equipo de Dinamización da lingua galega.
 - Coordinador do equipo de Actividades extraescolares e complementarias
 - Coordinador do equipo das T.I.C e ABALAR
 - Coordinador do equipo de Convivencia
 - Coordinador da Biblioteca
 - Comisión de Coordinación Pedagóxica

Non é preciso escribir a memoria no libro de actas, deberá constar unicamente na última acta de cada equipo que se elaborou a memoria.,

Estes documentos, tal como se fixo no curso anterior, deben ser elaborados en formato dixital (ordenador) e entregados á xefa de estudos..